

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MEDIANTE PERSONAL, MAQUINARIA E OUTROS MEDIOS MUNICIPAIS.

I.- FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1º.- Este Concello consonte ó autorizado polo artigo 127 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 41 do citado texto legal, establece o prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, que se regulará polo presente Acordo Regulador.

II.-CONCEPTO

Artigo 2º.- Constitúe o obxecto deste prezo público a prestación de calquera servizo mediante utilización de persoal, maquinaria ou calquer outros medios municipais.

III. OBRIGADO Ó PAGO

Artigo 3º.- Están obrigados ó pago calquera persoa de natureza física ou xurídica así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que soliciten os servizos a que fai referencia o artigo anterior, e en todo caso, aqueloutras nas que redunde o beneficio derivado da prestación do citado servizo.

No caso de que a prestación do servizo afecte a un inmovible, estará obrigado subsidiariamente ó pago o titular ou propietario do mesmo.

V. OBRIGA DE PAGO

Artigo 4º.- Considérase devengada a exacción no momento da aceptación polo interesado do orzamento detallado que lle será notificado con posterioridade á súa solicitude.

VI. TARIFAS

Artigo 5º.- As cotas esixibles por exacción serán as seguintes, debendo engadirse o correspondente IVE de se-lo caso:

| | <u>€ hora</u> |
|----------------------|---------------|
| Encargado de servizo | 14,00 |
| Oficial de 1ª | 13,00 |

| | |
|----------------------|-------|
| Oficial de 2ª | 11,00 |
| Peón | 9,00 |
| Maquinaria/Vehículos | 30,00 |

O material empregado na prestación do servizo será facturado segundo o importe a aboar ou aboado previamente polo Concello á correspondente casa subministradora.

En calquera caso, non se poderá solicitar nin conceder a realización de traballos cunha duración superior a 6 horas, agás aqueles casos debidamente xustificadas tanto na solicitude como na resolución de concesión en que unha duración superior ás citadas seis horas poda estar perfectamente xustificada e acreditada por razóns de seguridade ou hixiene.

VII. EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artículo 6º.- Eximirase de pago a utilización da primeira hora e media de calquera maquinaria ou vehículo municipal por domicilio do Concello.

NORMAS DE XESTION

Artigo 7º.- O pago da presente exacción efectuarase mediante liquidación notificada ó interesado unha vez aceptado o orzamento que igualmente lle terá sido notificado. En ningún caso dará lugar o comezo da prestación do servizo se non consta acreditación do pago do prezo correspondente.

A liquidación practicada terá en todo caso carácter de provisional a conta do que poidera resultar tra-la prestación do servizo.

O presente prezo público esixirase mediante o sistema de autoliquidación no caso de que os interesados requiran a utilización de vehículos ou maquinaria municipais, no momento de asina-la correspondente solicitude.

DISPOSICION FINAL

O presente Acordo regulador entrará en vigor e comenzará a aplicarse no momento da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.